

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPTE Nº:  
2022/G007/000010.**

**Excma. Sra. D.<sup>a</sup> Lara Méndez López, alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO sesión ORDINARIA do Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar o vindeiro **xoves, día 29 de setembro de 2022, ás 10:00 HORAS**, de acordo coa seguinte **orde do día**:

1/111 APROBACIÓN DAS ACTAS DO EXCMO. CONCELLO PLENO CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 17 E 23 DE XUÑO E Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 30 DE XUÑO DE 2022.

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**INTERVENCIÓN**

2/112 RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 14-2022 CON REPARO 135-2022.

3/113 RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚMERO 15-2022.

4/114 RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚMERO 16-2022.

5/115 MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO-CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 3/2022.

**CULTURA**

6/116 RATIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 8583/2022 RELATIVO Á PROPOSTA Á XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA O SINALAMENTO DOS FESTIVOS LOCAIS DO ANO 2023.

**PROPOSICIÓNS**

7/117 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 297/2022 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ATRASO NA EXECUCIÓN DA AUTOVÍA A-54 (Exp. 2022/G004/000737).

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac7505314502684761998.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-9-2022

8/118 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 298/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA LOITAR CONTRA A OCUPACIÓN ILEGAL, MELLORAR A CONVIVENCIA VECIÑAL E A PROTECCIÓN DA SEGURIDADE DAS PERSOAS E COUSAS NAS COMUNIDADES DE PROPIETARIOS (Exp. 2022/G004/000738).

9/119 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 299/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO PROMOVA A EDICIÓN ESTABLE DA 'AXENDA CULTURAL DA CIDADE DE LUGO' (Exp. 2022/G004/000739).

10/120 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 300/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA AXILIZAR O TRÁFICO NA FONTE DOS RANCHOS E HUMANIZAR O ESPAZO PÚBLICO (Exp. 2022/G004/000755).

11/121 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 301/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA IMPLANTAR UNHA APP PARA A LECTURA DE CONTADORES DE AUGA (Exp. 2022/G004/000756).

12/122 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PsdeG-PSOE, NÚMERO 302/2022 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO CUMPRIMENTO DO COMPROMISO ADQUIRIDO POLA XUNTA DE GALICIA EN LUGO PARA FINALIZAR O PLAN PARADAI (Exp. 2022/G004/000757).

13/123 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PsdeG-PSOE, NÚMERO 303/2022 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COS REFORZOS DO SERVIZO DE XERIATRÍA NO HULA (Exp. 2022/G004/000758).

14/124 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PsdeG-PSOE, NÚMERO 304/2022 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS DAS ADMINISTRACIÓNS CONTRA A SUBMISIÓN QUÍMICA QUE ATENTA CONTRA AS MULLERES (Exp. 2022/G004/000759).

## **B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL**

### **ACTAS E GOBERNO**

15/125 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 13 DE XULLO DE 2022, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2022/G004/000725).

### **TESOURERÍA**

16/126 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2022.

17/127 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE TESOURERÍA DITADAS DURANTE OS MESES DE XUÑO, XULLO E AGOSTO DE 2022.

### DESENVOLVEMENTO LOCAL

18/128 DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN LOCAL, ENMARCADO NA AXENDA URBANA ESPAÑOLA 2030, DENOMINADO: LUGO CIDADE VERDE.

### C) ROGOS E PREGUNTAS

#### ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 305/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA PÓR EN MARCHA UN PLAN DE DESBROCES E LIMPEZA DE PARCELAS QUE SON ORIXEN DE PROBLEMAS DE SALUBRIDADE E SEGURIDADE AO LONGO DA CIDADE.

### D) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

A) CONDOLENCIAS CO MOTIVO DO FALECIMENTO DE DONA ANA GOY DIZ.

Notifíquelles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,